



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indique a palabra INCORRECTA:

- A) Ombligo.
- B) Cóbado.
- C) Nocello.
- D) Brazo.

2. Sinale a serie CORRECTA:

- A) Fraco, abogado, claro, ombro.
- B) Fraco, avogado, claro, ombro.
- C) Flaco, avogado, claro, hombro.
- D) Fraco, avogado, craro, ombro.

3. Sinale a frase CORRECTA:

- A) Non atopo o expediente no arquivo.
- B) Hai gardas municipais controlando o tráfico.
- C) Fixeron unha doación.
- D) Non lle contes nada do que che dixen.

4. Se mencionamos un FAIADO, estamos a aludir a:

- A) A parte máis alta dunha casa.
- B) Un defecto.
- C) Unha árbore de grande altura.
- D) Unha falla.

5. Se falamos do CHAN, estamos a referirnos a:

- A) A superficie sobre a que se anda.
- B) Un instrumento de vidro utilizado nos laboratorios.
- C) Unha medida de capacidade.
- D) Unha enfermidade leve.

6. Indique a palabra INCORRECTA:

- A) Licencia.
- B) Cesión.
- C) Presión.
- D) Denuncia.

7. Indique a palabra INCORRECTA para referirse a un dos días da semana:

- A) Martes.
- B) Xoves.
- C) Sábado.
- D) Venres.

8. Sinale a frase CORRECTA:

- A) Era un home de idade madura.
- B) Aqueles comentarios foron a sal da reunión.
- C) Andamos a correr todo o día.
- D) Xa chega a primaveira!

9. Se mencionamos o LIXO, estamos a aludir a:

- A) Un peixe mariño.
- B) Un papel áspero.
- C) Unha ferramenta que se utiliza nos traballos de construción.
- D) Un conxunto de cousas que non serven e se tiran.

10. Se falamos do BERCE, estamos a aludir a:

- A) Unha cama de neno pequeno.
- B) Un lago pequeno.
- C) Un leito artificial para conducir a auga.
- D) Un instrumento musical de corda.

Preguntas de reserva

1. Sinale a frase CORRECTA:

- A) Vos vades a algún sitio?
- B) Non tomou as vitamiñas.
- C) A voda foi en Ourense.
- D) Fixen un viaxe a Holanda.

2. Se mencionamos unha PADIOLA, estamos a falar de:

- A) Unha das caras exteriores dun edificio.
- B) Un instrumento para o traslado de enfermos ou feridos.
- C) Unha pequena embarcación que se usa na pesca de baixura.
- D) Un animal mariño.